

RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 31 DE OUTUBRO DE 2014

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 09/14, do 30 de setembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.771 á nº 21.350, de 2014.](#)

[3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario de novembro.](#)

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[4.-Modificación do convenio de colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias \(AFAL-FERROLTERRA\) para financiar a adquisición dun vehículo de transporte adaptado.](#)

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos do Baloncesto CAB para financiar o mantemento da categoría base do club.](#)

[6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Sempre para financiar o programa de actividades culturais no ano 2014.](#)

[7.-Modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para financiar a promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: "Programa Outra+Outra 2013".](#)

[8.-Integración da Deputación na *Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública*, Asociación Cultural.](#)

[9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para financiar a Rehabilitación da igrexa parroquial de Ladrado, Separata nº 1, en Ortigueira.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

[10.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2014, terceira fase.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[11.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de](#)

realización de prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago nos departamentos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña e adquisición de material necesario para a súa execución.

12.-Modificación do acordo nº 39 adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de xullo de 2014 relativo á aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vedra para financiar a adquisición dunha parcela para uso deportivo.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación de Entidades Empresariales do Comercio da provincia da Coruña, para financiar o proxecto “Dinamización do comercio de proximidade”.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para financiar o proxecto “Actividades na Aula da Natureza-Museo Etnográfico das Brañas de Valga”.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais, para o desenvolvemento do congreso especializado “Servizos sociais e de benestar, perspectiva local”.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos concellos

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de “Reparación e renovación do parque Rosalía de Castro”.

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre para o financiamento das obras de “Reparación de céspede sintético no campo Dani Mallo”.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cedeira para o financiamento das obras de “Pavimentación de pista municipal en Freixido”.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cedeira para o financiamento das obras de “Abastecemento de auga a Laboreña”.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee para o financiamento das obras de “Acondicionamento das rúas interiores no lugar de Berroxé”.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee para o financiamento das obras de “Adecuación de oficinas na entreplanta 2ª casa da cultura de Cee”.

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee para o financiamento das obras de “Acondicionamento do trazado da rúa Estatuto de Autonomía de Galicia”.

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee para o financiamento das obras do “Parque infantil do paseo marítimo de Cee”.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós para o financiamento das obras de “Mellora da piscina municipal de Coirós”.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades para o financiamento das obras de “Acondicionamento do camiño de Moar a Galegos”.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades para o financiamento das obras de “Acondicionamento de camiños en Céltigos, Vitre e Papucín”.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón para a execución e financiamento das dúas seguintes obras: “Ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira” e “Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes para o financiamento das obras do “Salón de plenos e dependencia municipais”.

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de “Formación de beirarrúas en Parada”.

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vimianzo para o financiamento das obras de “Mellora de vías rurais municipais nas parroquias de Calo (acceso ao Penedos), Berdoias (camiño As Custodias), e Salto (camiño de Castro a Areosa).”

31.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Beirarrúas enlace Avda. Arsenio Iglesias-Avda. Caión”, do Concello de Arteixo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, co código 11.2100.0012.0.

32.-Aprobación da modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 polo cambio da obra “Proxecto de acondicionamento para apertura de centro de día”, do Concello de Cariño, incluída no POS 2014 co código: 14.2100.0210.0, pola obra “Ampliación da rede de saneamento entre Cabanán (Landoi), Meleato (Landoi) e A Rega (Feás)”, co código 14.2100.021.0.

[33.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para o financiamento das obras de “Obras de conservación de instalacións lúdico deportivas do Concello de Ferrol”.](#)

[34.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Saneamento nas parroquias de Mabegondo, Meangos e beirarrúas en Viós”, do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2011, co código 11.2100.0002.0.](#)

[35.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Saneamento en Cullergondo e Xuanzo”, do Concello de Abegondo, incluída no Plan de cooperación cos concellos \(PCC\) 2011, co código 11.3300.0254.0.](#)

[36.-Aprobación do proxecto reformado travesía e seguridade viaria na EP 4803 Miño a Pontedeume do PK 3+800 ao 7+100 e do 10+250 ao 10+750 \(1ª fase do PK 3+800 ao 7+100\) \(Miño e Pontedeume\).](#)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

[37.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 30.09.2014 e proxección a 31.12.2014.](#)

[38.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2014, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais \(BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010\).](#)

[39.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.](#)

[40.-Modificación da Ordenanza nº 15 reguladora do prezo público por utilización do IES Calvo Sotelo.](#)

[41.-Criterios sobre as tarifas das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos da Deputación que se han aplicar durante o exercicio 2015.](#)

[42.-Solicitud de ampliación do período de reintegro dos saldos das liquidacións da participación nos tributos do Estado dos anos 2008 e 2009 \(Disposición adicional única do Real decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro\).](#)

[43.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 6/2014.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

[Moción do BNG respecto á operación Zeta](#)

ROGOS E PREGUNTAS

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 09/14, DO 30 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/14, do 30 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 18.771 Á Nº 21.350, DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.771 a nº 21.350, de 2014.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE NOVIEMBRO.

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que convén garantir que a tramitación dos presupostos da Deputación remate o antes posible, de xeito que os ditos presupostos poidan entrar en vigor coincidindo co inicio do exercicio 2015, o que resultaría facilitado polo adianto da celebración da sesión plenaria de novembro.

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011; resultando obvia a urxencia do asunto pola necesidade de que o acordo plenario se adopte nesta sesión de outubro de 2014 segundo resulta das consideracións anteriores,

PROPÓN AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte co disposto nos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao mes de novembro de 2014 celebrarase o día 27 de novembro, xoves, a partir das doce horas”.

4.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA) PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO.

1.- Aprobar a modificación do convenio de colaboración, subscrito o 8 de xullo de 2014, entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias (AFAL-FERROLTERRA) para financiar a adquisición e cesión dun vehículo de transporte adaptado con destino á asociación, cunha achega provincial de **53.400 €**, que supón o 100% do coeficiente de financiamento, e con cargo á partida 0620/312A/62401.

2.- Aprobar a súa formalización de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA) PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO (subscrito o 08 de xullo de 2014)

A Coruña, , na sede da Excma. Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña e,

Doutra parte, D^a Milagros Prieto Gondell con NIF: 40.836.219H, Presidenta da ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL FERROLTERRA), con CIF G-15620628.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

MANIFESTAN

1.- O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 27 de xuño de 2014 aprobou o texto do convenio DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA) PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO.

2.- O citado convenio formalizouse en documento administrativo nº 122/2014 do 08 de xullo de 2014.

3.- A Deputación convocou a licitación mediante procedemento aberto con múltiples criterios para a adquisición do citado vehículo con destino a financiar a adquisición dun vehículo de transporte adaptado.

4.- O citado procedemento foi declarado deserto ao non concorrer ningún licitador.

5.- Unha vez revisadas as prescricións técnicas polos servizos técnicos da Deputación, e estudado os prezos de mercado, faise necesario modificar o orzamento de licitación desta subministración e en consecuencia a achega da Deputación, que se incrementa ata 53.400,00 euros.

E por todo o exposto acordan modificar a seguinte cláusula do convenio subscrito o día 08 de xullo de 2014, que queda redactada do seguinte modo,

CLÁUSULA

TERCEIRA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 53.400,00 € que serán achegados na súa totalidade pola Excma. Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0620/231E/62401

Ambas as dúas partes poñen de manifesto que o resto das cláusulas do convenio asinado o 08 de xullo de 2014, e formalizado en documento administrativo nº 122/2014, permanecen sen modificación algunha.

Faise constar que a presente modificación do convenio foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o.....

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadriplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN A	PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE
PROVINCIAL DA CORUÑA	FAMILIARES DE ENFERMOS DE
	ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS
	(AFAL-FERROLTERRA)

Diego Calvo Pouso

Milagros Prieto Gondell

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O OBRADOIRO CLUB AMIGOS DO BALONCESTO CAB PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DA CATEGORÍA BASE DO CLUB.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8/10/2014.

2.- Aprobar o convenio co Club Amigos del Baloncesto CAB correspondente á subvención nominativa, por importe de 65.000 €, concedida para *financiar o mantemento da categoría base do club*, cun orzamento subvencionado de 96.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o mantemento da categoría base do club.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Don Raúl López López, presidente do ***Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB***

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o ***Club Amigos del Baloncesto CAB*** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o ***Club Amigos del Baloncesto CAB***, coa finalidade de fixar as condicións da súa

colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Amigos del Baloncesto CAB, NIF G15027402, para financiar o mantemento da categoría base do club.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

O **Club Amigos del Baloncesto CAB** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Persoal	14.000,00 €
Adestradores	17.900,00 €
Arbitraxes	4.000,00 €
Inscricións, licenzas	3.500,00 €
Desprazamentos	18.000,00 €
Equipacións e material deportivo	28.000,00 €
Seguros	600,00 €
Vixilancia e seguridade	4.000,00 €
Material gráfico e oficina	2.500,00 €
Alugueiro audiovisuais	4.000,00 €
Total	96.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **65.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 67,36 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 67,36 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Amigos del Baloncesto CAB**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Club Amigos del Baloncesto CAB** nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Amigos del Baloncesto CAB** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Amigos del Baloncesto CAB**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Amigos del Baloncesto CAB** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Amigos del Baloncesto CAB** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, o **Club Amigos del Baloncesto CAB** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Amigos del Baloncesto CAB** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Amigos del Baloncesto CAB** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Amigos del Baloncesto CAB**

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, ao **Club Amigos del Baloncesto CAB** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O **Club Amigos del Baloncesto CAB** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O **Club Amigos del Baloncesto CAB** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Amigos del Baloncesto CAB** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Amigos del Baloncesto CAB** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Amigos del Baloncesto CAB** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Amigos del Baloncesto CAB** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto

á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Amigos del Baloncesto CAB** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento

2.- Logo da solicitude previa do **Club Amigos del Baloncesto CAB** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6/10/2014.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Galiza Sempre correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2014*, cun orzamento subvencionado de 12.500,01 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza sempre para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2014*”

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña

D. Bieito Lobeira Domínguez, secretario da Fundación Galiza Sempre

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese do coñecemento e divulgación da recente historia socio-política galega, así como do estudo da traxectoria e achegas do nacionalismo galego ao avance da democracia e as liberdades en Galicia.

3.- A Fundación Galiza Sempre ten entre os seus obxectivos fundacionais o fomento e realización de actividades culturais que teñan por fin o estudo e desenvolvemento do pensamento político, social, económico e cultural de Galicia, difundir o pensamento político daquelas persoas e entidades que traballan pola consecución da soberanía da nación galega, o progreso social e o afondamento da democracia, promover o coñecemento na sociedade da personalidade nacional de Galicia, e da súa historia, afondar no coñecemento da realidade galega na súa dimensión política, social, cultural e económica, aumentar a formación política e a participación da cidadanía e impulsar e divulgar iniciativas de intercambio e cooperación exterior para contribuír á xustiza e á equidade nas relacións entre os pobos.

4.- Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Fundación Galiza Sempre pode realizar, segundo o art. 6 dos estatutos, as seguintes actividades:

- * Organización de cursos, conferencias, coloquios, congresos e seminarios de estudos.
- * Creación de grupos e equipas de estudo.
- * Edición, redacción e subvención de publicacións e outros materiais.
- * Organización dun arquivo do nacionalismo galego e do pensamento político e social de Galicia.
- * Promoción, organización e realización de exposicións, actividades públicas e campañas de prensa, radio e televisión, coa intención de difundir os obxectivos fundacionais.
- * Dar axuda e soporte a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que compartan os obxectivos da Fundación, a través de subvencións, bolsas, encargo de estudos, establecemento de premios e calquera outra forma no marco da legalidade vixente.

5.- Neste marco, a Fundación Galiza Sempre desenvolve dúas liñas de actuación prioritarias:

- * A promoción do pensamento socioeconómico, político e cultural, con tres eixos temáticos: o mundo das nacións sen estado; o neoliberalismo, a exclusión e a desigualdade social, a crise e as súas alternativas; a realidade e as políticas públicas alternativas.
- * A preservación e difusión da memoria histórica do nacionalismo galego, coas seguintes iniciativas: exposicións; documentais; programas radiofónicos; web sobre a historia do nacionalismo galego; debates; publicacións; organización do arquivo do nacionalismo galego.

6.- Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Sempre (G15702913) para financiar o ***Programa de actividades culturais no ano 2014*** que ten como

obxectivos específicos: recoñecer os dereitos dos pobos conforme á súa diversidade nacional, cultural e lingüística; reflexionar sobre o modelo político e económico da UE e do estado español, así como o papel que nese deseño xoga Galicia; posta en valor dunha acción política local confrontada, desde unha perspectiva nacionalista, ás políticas imperantes.

O programa ten as seguintes liñas de actuación e actividades específicas:

Investigación e debate: Traballo de coordinación: solicitude, selección, revisión e supervisión de textos de diferentes autores para a elaboración dunha publicación conxunta que ten os seguintes bloques temáticos:

- A UE como modelo de capital globalizado.
- A destrución da capacidade produtiva na periferia europea: impacto na Galiza das políticas económicas da UE.
- Vontade popular, soberanía, dereitos e liberdades no seo da UE. A democracia secuestrada.
- A concentración económica e política nas institucións da UE como resposta á crise. A alternativa do BNG.

Divulgación: posta en marcha da iniciativa *ideas.gal*, web autónoma que vincule á sociedade máis activa coa idea de soberanía e creación de rede de formatos audiovisuais e dixitais que promovan o debate sobre temas da axenda política.

Edición e publicación: Deseño, maquetación e impresión da publicación *A UE como problema. Reflexións desde Galiza*.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Galiza Sempre desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Persoal: salarios e seguridade social (2 nóminas)	3.395,60
Servizos profesionais: deseño gráfico, maquetación, impresión	2.623,30
Servizos profesionais: realización e montaxe de formatos audiovisuais e dixitais	3.000,00
Medios técnicos e produción	2.681,11
Gastos xerais de administración	800,00
Total	12.500,01 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Galiza Sempre obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Galiza Sempre.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Galiza Sempre, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Galiza Sempre deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Galiza Sempre.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Galiza Sempre, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Galiza Sempre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Galiza Sempre deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Galiza Sempre para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Galiza Sempre da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Galiza Sempre na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Galiza Sempre terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Galiza Sempre deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Galiza Sempre destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Galiza Sempre deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Galiza Sempre poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a

subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Galiza Sempre queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Galiza Sempre serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Galiza Sempre será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015**, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación Galiza Sempre, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR A PROMOCIÓN MUSICAL DE BANDAS, CORAIS E GRUPOS DE CÁMARA: “PROGRAMA OUTRA+OUTRA 2013”.

1º.- Modificar a cláusula I.-Obxecto, no sentido seguinte:

1ª Fase: Engadir ao parágrafo segundo que a agrupación estea incluída na Rede Cultural do ano 2014.

2ª fase: Corrixir o erro material detectado, e por conseguinte corrixir o disposto neste punto, no sentido de que as solicitudes que se han seleccionar deben ser seis, e non nove como se di nel.

2º.-Substituír a redacción do parágrafo quinto da cláusula VII, polo texto seguinte:

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse a actividades realizadas ata o 12.08.2014.

8.-INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN NA RED ESPAÑOLA DE TEATROS, AUDITORIOS, CIRCUITOS Y FESTIVALES DE TITULARIDAD PÚBLICA, ASOCIACIÓN CULTURAL.

- 1.- Aprobar a integración da Deputación na Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivals de Titularidade Pública.
- 2.- Aprobar o pagamento da cota de inscrición, por un importe máximo de 1.500 €.
- 3.- Delegar na Presidencia o nomeamento do representante da Deputación na Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivals de Titularidad Pública.
- 4.- Autorizar a don J. Valentín Rodríguez Viera, na súa condición de director do Teatro Colón, que ha realizar as xestións e utilizar os servizos derivados da integración da Deputación da Coruña na Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivals de Titularidad Pública.

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A DIÓCESE DE MONDOÑEDO-FERROL PARA FINANCIAR A REHABILITACIÓN DA IGREXA PARROQUIAL DE LADRIDO, SEPARATA Nº 1, EN ORTIGUEIRA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17/10/2014.

2.- Aprobar o convenio coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 35.000 €, concedida para financiar a *Rehabilitación da igrexa parroquial de Ladrido. Separata nº 1, en Ortigueira*, cun orzamento subvencionado de 96.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para financiar a *Rehabilitación da igrexa parroquial de Ladrido. Separata nº 1, en Ortigueira*.

A Coruña,

REUNIDOS

O Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. D. Ramón Otero Couso, ecónomo diocesano de Mondoñedo-Ferrol

Ambas as dúas partes no nome e a representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; igualmente, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- A igrexa parroquial de Ladrido, dedicada a Santa Eulalia, foi construída arredor do ano 1900, de planta de cruz latina cunha soa nave lonxitudinal; ten ademais, dúas sancristías e un coro; no exterior tiña dous soportais laterais careados ao cruceiro, dos que na actualidade se conserva o do lado sur.

Conserva no seu interior diversos elementos mobiliarios de valor, entre os que destacan tres retablos de madeira policromada.

O estado xeral de conservación é moi deficiente, cun evidente deterioro de todos os acabados e diversas afeccións estruturais, de xeito que practicamente todos os paramentos verticais presentan gretas.

3.- Tendo en conta as circunstancias expostas, no Orzamento para o ano 2014 foi incorporado o crédito destinado ao seu financiamento.

4.- Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol, no que se fixan as actuacións que se desenvolverán na Igrexa de San Antonio da Barqueira.

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol (R1500019C) para financiar a ***Rehabilitación da igrexa parroquial de Ladrado. Separata nº 1, en Ortigueira***, tal como se define no proxecto de execución redactado por Amadora Roca Álvarez, arquitecta Colexiada nº 2788 do COAG..

2.- A Diocese de Mondoñedo-Ferrol, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol comprométese a destinala ao uso público para o que está disposta

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola Diocese de Mondoñedo-Ferrol

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen no proxecto redactado por Amadora Roca Álvarez, arquitecta colexiada nº 2788 do COAG, consonte ao seguinte orzamento:

Demolicións	10.350,13.-
Rede de saneamento e movemento terras	3.523,00.-
Estrutura e cuberta	36.729,40.-
Revestimentos	14.275,48.-
Seguridade e saúde	848,29.-
Xestión de residuos	630,00.-
Control de calidade	315,00.-
Total execución material	66.671,30.-
Gastos xerais 13%	8.667,27.-
Beneficio industrial 6%	4.000,28.-
IVE 21%	16.661,16.-
Total orzamento de contrata	96.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da obra, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **36,458 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 36,458 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito, na presente anualidade.

Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á Diocese de Mondoñedo-Ferrol de que o compromiso de gasto queda condicionado á afectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Diocese de Mondoñedo-Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- Na súa condición de promotor, corresponderalle á Diocese de Mondoñedo-Ferrol o outorgamento do contrato de execución da obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula segunda.

2.- Con carácter previo á contratación, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.- No caso de que a Diocese de Mondoñedo-Ferrol tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol está obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á a Diocese de Mondoñedo-Ferrol a medida que se expidan as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe a porcentaxe de financiamento.

Para tal efecto, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá achegar a seguinte documentación:

- * Copia do contrato formalizado.
- * Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista e relación valorada.
- * Factura expedida polo contratista; no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- * Asemade, coa derradeira certificación de obra, achegarase acta de recepción e acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante fotografías dilixenciadas no reverso, e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula segunda, deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014**, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Diocese de Mondoñedo-Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Diocese de Mondoñedo-Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Diocese de Mondoñedo-Ferrol na documentación aportada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Diocese de Mondoñedo-Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol poderá ser

escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Diocese de Mondoñedo-Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015**, e terá efectos retroactivos, polo que as obras contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Previa solicitude da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

En ningún caso poderá modificarse o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2014, TERCEIRA FASE.

“Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2014, terceira fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
14.1100.0040.0	Reforzo de firme con mestura bituminosa en quente na DP 1406 Neaño ao Allo por Cesullas do PK 0+000 ao PK 0+800 (Cabana de Bergantiños)	85.739,26
14.1100.0041.0	Mellora da seguridade vial na intersección da DP 1704 coa DP 0102 (Cambre)	48.885,25
14.1100.0042.0	Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 1914 Carballo a Portomouro do PK 0+000 ao PK 10+900 (Carballo)	443.926,64
14.1100.0043.0	Acondicionamento do firme rixido na DP 3204 de Curtis á N-634 do PK 0+000 ao PK 1+070 (Curtis)	67.774,24
14.1100.0044.0	Mellora da capa de rodadura na DP 8401 Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra entre o PK 7+800 a PK 11+400 (Tordoia)	332.743,72
TOTAL		979.069,11

O financiamento desta terceira fase do plan realízase con cargo á partida 0410/453A/61900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014”.

11.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN.

Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio de Colaboración entre a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA SÚA EXECUCIÓN cunha achega provincial de 47.590,84 euros para o ano 2013 e de 48.000 euros para o ano 2014, sendo o presuposto total de 95.590,84 euros, e con cargo ás partidas 0620/462A/481 e 0620/462A/453.90, así coma os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios encóntranse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 e 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe con data do 7 de outubro de 2014.
2. Autorizar a excepcionalidade ao principio de imputación temporal do gasto, por avaliar que existen razóns de interese público para subvencionar neste momento a actividade xa realizada nun exercicio anterior.
3. Considerando que concorren circunstancias que xustifican a excepcionalidade, aprobar o texto e a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela, para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago nos departamentos de Urbanismo dos Concellos da provincia da Coruña e adquisición de material necesario para a súa execución.
Cunha achega provincial de 47.590,84 euros para o ano 2013 e de 48.000 euros para o ano 2014, sendo o presuposto total de 95.590,84 euros, e con cargo ás partidas 0620/462A/481 e 0620/462A/453.90.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES

COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE E COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN

Na Coruña, o ... de ... de 2014

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela NIF Q-1518001-A e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia); e o Excmo. Sr. D. Evaristo Nogueira Pol, Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto xeral da Avogacía Española (RD 658/2001, do 22 de xuño). Ámbolos dous actúan en calidade de presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1.994.

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación da Coruña, actuando no exercicio das competencias atribuídas, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e para tal efecto.

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade e os Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrécenlles aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría, ademais de colaborar nos labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua), dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), do Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA en Santiago, e no programa superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente

na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.-A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que tras a subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas desta, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

II. ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 47.590,84 euros para o ano 2013 e de 48.000 euros para o ano 2014, o que representa en cada anualidade un coeficiente de financiamento do 100%). De acordo co seguinte detalle desagregado:

A. GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DOS ALUMNOS: 72.000 €,

que se corresponden 36.0000 € ao ano 2013 e 36.000 € ao ano 2014, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2013	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE TOTAL
FEBREIRO	18	180	3.240
MARZO	17	180	3.060
ABRIL	21	180	3.780
MAIO	21	180	3.780
XUÑO	21	180	3.780
XULLO	21	180	3.780
AGOSTO	1	180	180
SETEMBRO	19	180	3.420
OUTUBRO	20	180	3.600
NOVEMBRO	20	180	3.600
DECEMBRO	21	180	3.780
CONCEPTO ANO 2014	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE TOTAL
SETEMBRO	20	450	9.000
OUTUBRO	20	450	9.000
NOVEMBRO	20	450	9.000
DECEMBRO	20	450	9.000

B. GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURA E XESTIÓN: 8.000€,

que se corresponden 4.000 € ao ano 2013 e 4.000 € ao ano 2014, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2013	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
FEBREIRO	18	400	400
MARZO	17	400	400
ABRIL	21	400	400
MAIO	21	400	400
XUÑO	21	400	400
XULLO	21	400	400
AGOSTO	1	0	0
SETEMBRO	19	400	400
OUTUBRO	20	400	400
NOVEMBRO	20	400	400

DECEMBRO	21	400	400
CONCEPTO ANO 2014	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
Ano 2014	20		4000

C. GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 9.590,84€

que se corresponden 4.590,84 € ao ano 2013 e 5.000 € ao ano 2014, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2013	MATERIAL	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
XANEIRO	Placa base	71	71
FEBREIRO	Papel A4 e A3 7 ordenadores portátiles 3 ratos USB	96,56 3.210,13 35,57	3.342,26
MARZO	Pendrive USB Disco duro externo 1TB	13,25 79,15	92,40
ABRIL	Disco duro interno 500GB	50,45	50,45
XULLO	Fotocopiado Fotocopiado	425,39 396,76	822,15
OUTUBRO	Fotocopiado	212,58	212,58
CONCEPTO ANO 2014	MATERIAL	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
XANEIRO DECEMBRO	a Por determinar	5.000	5.000

D. CUSTOS DE FORMACIÓN: 6.000€

que se corresponden 3.000 € ao ano 2013 e 3.000 € ao ano 2014.

III. FINANCIAMIENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 47.590,84 euros para o ano 2013 e de 48.000 euros para o ano 2014, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo do seguinte xeito:

Ano 2013:

36.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462A/481

11.590,84 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462A/453.90

Ano 2014:

36.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462A/481

12.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462A/453.90 partidas nas que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para as anualidades 2013 e 2014 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

V. DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.

A Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

VI. COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu director e a profesional colaboradora D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

VII. DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas que van realizar os alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán estas e o labor concreto que desenvolverán, estableceranos de mutuo acordo as partes asinantes.

A Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, á súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a escola.

VIII. COMPROMISO DAS PARTES.

A) GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, ETC. DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que tras a subscripción do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo os alumnos das actividades formativas que imparte e colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo, por cada ano, de 36.000 € en concepto de gastos de desprazamentos, manutención, etc dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización (gastos de desprazamentos e manutención) de 180 € ao mes; indemnización que poderá distribuír a dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 150 € ao mes, máis unha cantidade variable de 30 €, en función da quilometraxe. Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente á de 20 alumnos x mes x 10 meses, isto é, a 36.000 €.

Estas cantidades seranlles pagadas aos alumnos pola Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica. A Deputación aboará o dito importe á Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica, trala xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder á súa concentración nun período de tempo inferior ao ordinario de dez meses/ano, poderase acordar realízalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais que vai realizar o alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar o alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2014 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses (outubro a decembro de 2014), a razón dun mínimo de tres e un máximo de cinco días á semana, e de seis horas/día.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

B) GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 400€ ao mes, durante un período de dez meses, como contribución aos gastos de coordinación (4.000€) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe aboarallo a Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, na conta que a Escola designe para tal efecto, e tras a xustificación da actividade realizada. Para o ano 2014 as partes acordan que a cantidade para a contribución aos gastos de coordinación será de 1.000 euros ao mes durante cada un dos catro meses nos que se concentrarán as prácticas que realicen os alumnos durante a dita anualidade.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

C) GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará igualmente cunha cantidade de 4.590,84€ para o ano 2013 e de 5.000 € para o ano 2014, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalacións, etc. No suposto de que os gastos xustificadas foran superiores, a Deputación achegará ata a cantidade máxima de 4.590,84€ para o ano 2013 e de 5.000 € para o ano 2014.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do director da Escola de Práctica Xurídica.

D) GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000€ cada ano financiará unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da universidade.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores desta para os labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

IX. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación

entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia para efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte parágrafo e na cláusula DÉCIMO OITAVA.

Polo que se refire á anualidade correspondente ao ano 2013, o presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia para efectos de xustificación ata o día 30 de novembro do ano 2014. Respecto a anualidade correspondente ao ano 2014 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia para efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades correspondentes a cada anualidade, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula OITAVA para o ano 2013 antes do 30 de novembro de 2014 e para o ano 2014 antes do 30 de marzo de 2015.

. A xustificación correspondente ao ano 2014 poderá tamén facerse fraccionada en dous períodos, un antes do 15 de decembro de 2014 e outro antes do 30 de marzo de 2015; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada período.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención correspondente a cada anualidade materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Escola de Práctica Xurídica na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen

desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XI. RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade dos labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice o seu labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, director desta e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2077, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá carrexar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, a demora na realización da actividade carrexará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se a demora non excede de tres meses. Se a demora na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. Así mesmo, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de xuño, de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XVII. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, tras os informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

XVIII. VIXENCIA

Polo que se refire á anualidade correspondente ao ano 2013, o presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia para efectos de xustificación ata o día 30 de novembro do ano 2014. Respecto á anualidade correspondente ao ano 2014 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia para efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2015.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das administracións intervenientes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e tras os mesmos informes preceptivos do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario nº con data do de de 2014.

En proba de conformidade, ambas partes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Diego Calvo Pouso

O REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Juan Manuel Viaño Rey

O DECANO DO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Evaristo Nogueira Pol

12.-MODIFICACIÓN DO ACORDO Nº 39 ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN CELEBRADA O 30 DE XULLO DE 2014 RELATIVO Á APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO.

Visto o expediente relativo á proposta para a MODIFICACIÓN DO ACORDO Nº 39 ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN, EN SESIÓN CELEBRADA O 30 DE XULLO DE 2014, RELATIVO Á APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO, así coma os informes que constan no expediente, modificar o acordo antes indicado no sentido que:

ONDE DI:

“Visto o expediente relativo a proposta para a aprobación e formalización do convenio ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO cunha achega de 48.919,56 euros con cargo á partida 0112/342A/76201 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 86,623,14% sobre un orzamento subvencionable de 56.473,88 euros, así coma os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Ca motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de xullo de 2014.
2. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 48.919,56 euros o que representa unha porcentaxe de financiamento do 86,623,14% con respecto un orzamento de 56.473,88 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0112/342A/76201 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.”

DEBE DICIR:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO cunha achega de 48.919,45 euros con cargo á partida 0112/342A/76201 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 86,6231% sobre un orzamento

subvencionable de 56.473,88 euros, así coma os informes que constan no expediente:

- 1 Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de xullo do 2014.
- 2 APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VEDRA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA USO DEPORTIVO cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 48.919,45 euros o que representa unha porcentaxe de financiamento do 86,6231% con respecto a un orzamento de 56.473,88 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0112/342A/76201 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.”

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA FINANCIAR O PROXECTO “DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE”.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS COMERCIO PROVINCIA DA CORUÑA con CIF G 15031263 para financiar o proxecto “Dinamización Comercio de Proximidade”.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 46.356,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433A/481 do vixente presuposto.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Miguel Agromayor Vázquez, con DNI núm. 32378379Z, en representación da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA consideran de grande interese para a provincia dar a coñecer aos consumidores máis novos as distintas tipoloxías de distribución comercial existentes, promover a aparición de actitudes responsables e poñer a disposición do ámbito educativo ferramentas e materiais de utilidade para chegar a ser consumidores responsables que consideren e poñan en valor a importancia do comercio local e de proximidade.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA**, CIF G15031263, para o financiamento do proxecto “*Dinamización comercio de proximidade*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
UNIDADE DIDÁCTICA CONSUMO RESPONSABLE	13.856,00 €
Elaboración de contidos	
Deseño e maquetación	
Impresión 1500 exemplares	
IMPARTICIÓN OBRADOIROS EDUCATIVOS	28.500,00 €
20 obradoiros “fomento comercio local”	
20 obradoiros “fomento consumo responsable”	
CAMPAÑA DE DIFUSIÓN COMERCIO PROXIMIDADE	15.589,00 €
Elaboración de contidos	
Deseño e maquetación	

Impresión cartelería A3 2200 exemplares	
Distribución	
TOTAL	57.945,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÁN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 46.356,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha

delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIAIS DO COMERCIO DA PROVINCIA DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FEDERACIÓN
DE ENTIDADES EMPRESARIAIS
DO COMERCIO DA PROVINCIA
DA CORUÑA

DON DIEGO CALVO POUSO

14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACTIVIDADES NA AULA DA NATUREZA-MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA”.

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESIA con CIF P1504800B para financiar actividades “Aula Natureza Museo Etnográfico Brañas de Valga”.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 46.554,84 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/334A/46201 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de referencia 22014007241.

.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Mariano Iglesias Castro, en representación do CONCELLO DE MESÍA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B**, para o financiamento das “*Actividades na Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas de Valga*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	46.554,84 €
Peón de xardinería	17.860,56 €
Peón de xardinería	17.860,56 €
Monitor de tempo libre	10.833,72 €
GASTOS CORRENTES	11.638,71 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.000,00 €

Material para obradoiros, talleres, etc.	1.000,00 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.000,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	800,00 €
Electricidade e teléfono	2.000,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Aboamentos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	500,00 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.000,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.000,00 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.000,00 €
TOTAL	58.193,55 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 46.554,84 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MESÍA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE MESÍA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 28 de novembro de 2014 ata o 27 de novembro de 2015 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2015, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de decembro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro

do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O alcalde do CONCELLO DE MESÍA

DON DIEGO CALVO POUSO

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONGRESO ESPECIALIZADO “SERVIZOS SOCIAIS E DE BENESTAR, PERSPECTIVA LOCAL”.

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS con CIF G70239496 para financiar o proxecto O CONGRESO especializado “Servizos Sociais e de Benestar, Perspectiva Local”

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 40.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 2014/0112/334I/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140003789.

.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS (OEPSS) PARA FINANCIAR O CONGRESO ESPECIALIZADO “SERVIZOS SOCIAIS E DE BENESTAR, PERSPECTIVA LOCAL”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. _____, presidente da Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais (OEPSS) con CIF: G-70239496 para o financiamento do CONGRESO ESPECIALIZADO “SERVIZOS SOCIAIS E DE BENESTAR, PERSPECTIVA LOCAL”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS).

A ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADE	IMPORTE
Xestión de instalacións e medios técnicos	6.850,00
Contratación de asistencia técnica para o deseño do programa do congreso, coordinación xeral, secretaría do congreso e asistencia técnica permanente durante a súa celebración	15.200,00
Selección, xestión, coordinación e pago a relatores (incluída a estancia e desprazamento)	5.200,00
Convite individualizado e seguimento a 300 entidades/persoas. Deseño, impresión, ensobrado e envío	1.300,00
Producción gráfica	3.500,00
Difusión	6.000,00
Xestión de inscricións e control e recepción de persoas inscritas	3.850,00
Subscrición de seguros	1.400,00
Elaboración de material para persoas participantes	1.350,00
Servizo de azafatas para atención a relatores e	1.150,00

participantes	
Servizo de tradución e intérprete de linguaxe de signos	4.200,00
TOTAL	50.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000 € o que representa unha porcentaxe do 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)** de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)** unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS (OEPSS)** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS (OEPSS)** para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS (OEPSS)** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS (OEPSS)** na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS (OEPSS)** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS (OEPSS)** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS) poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos dende o 1 de setembro do 2014 e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril de 2015, todo iso condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.**

2. Para o caso de que a **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)** non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 28 de febreiro do 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ORGANIZACION DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS (OEPSS)**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de data _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ENTIDADE

16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REPARACIÓN E RENOVACIÓN DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO”.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ares para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ares
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reparación e renovación do parque Rosalía de Castro
PRESUPOSTO DO PROXECTO	30.683,35 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	30.683,35 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/171A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/171A/76201 do orzamento para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REPARACIÓN E RENOVACIÓN DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Ares, Julio Iglesias Redondo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ares ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares con CIF P1500400E, para o financiamento das obras de **“REPARACIÓN E RENOVACIÓN DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos arquitectos NICOLÁS CASTELO PÉREZ E LUÍS FELIPE CABEZAS TORRELO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	21.309,36
Gastos xerais (13%)	2.770,22
Beneficio industrial (6%)	1.278,56
IVE (21%)	5.325,21
Orzamento de contrata	30.683,35

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 30.683,35€, o que representa unha porcentaxe de 100%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/171A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

- 1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
 - 2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
- A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
- Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes,

a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARES

Diego Calvo Pouso

Julio Iglesias Redondo

17.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DE CÉSPEDE SINTÉTICO NO CAMPO DANI MALLO”.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cambre para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cambre
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reposición céspede sintético no campo Dani Mallo
PRESUPOSTO DO PROXECTO	232.848,10 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	186.278,48 €
ACHEGA DO CONCELLO	46.569,62 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/169A/76201 do orzamento para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REPOSICIÓN CÉSPEDE SINTÉTICO NO CAMPO DANI MALLO”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Cambre, Manuel Rivas Caridad

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cambre ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre con CIF P1501700G, para o financiamento das obras de “**REPOSICIÓN CÉSPEDE SINTÉTICO NO CAMPO DANI MALLO**”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, se compromete a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	161.711,30
Gastos xerais (13%)	21.022,47
Beneficio industrial (6%)	9.702,68
IVE (21%)	40.411,65
Orzamento de contrata	232.848,10

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 186.278,48 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a

tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio

variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CAMBRE

Diego Calvo Pouso

Manuel Rivas Caridad

18.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DE PISTA MUNICIPAL EN FREIXIDO”.

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cedeira para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cedeira
DENOMINACIÓN DA OBRA	Pavimentación de pista municipal en Freixido
PRESUPOSTO DO PROXECTO	40.515,39 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	32.412,31 €
ACHEGA DO CONCELLO	8.103,08 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/454A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste Convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN DE PISTA MUNICIPAL EN FREIXIDO”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Cedeira, Luis Rubido Ramonde
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cedeira ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cedeira con CIF-P1502200G, para o financiamento da obra de “PAVIMENTACIÓN DE PISTA MUNICIPAL EN FREIXIDO” tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños MIGUEL NIETO MATAMOROS

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	28.137,64
Gastos xerais (13%)	3.657,89
Beneficio industrial (6%)	1.688,26
IVE (21%)	7.031,60
Orzamento de contrata	40.515,39

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como defínese na cláusula anterior, cunha achega máxima de 32.412,31 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000% .A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de

redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57^a das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a

tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio

variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CEDEIRA

Diego Calvo Pouso

Luis Rubido Ramonde

19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ABASTECIMIENTO DE AUGA A LABOREÑA”.

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cedeira para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cedeira
DENOMINACIÓN DA OBRA	Abastecemento de auga a Laboreña
PRESUPOSTO DO PROXECTO	43.158,93 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	34.527,14 €
ACHEGA DO CONCELLO	8.631,79 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/161A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/161A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “ABASTECIMIENTO DE AUGA A LABOREÑA”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde -presidente do Concello de Cedeira, Luis Rubido Ramonde
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cedeira ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cedeira con CIF-P1502200G, para o financiamento da obra de “**ABASTECIMIENTO DE AUGA A LABOREÑA**” tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños MIGUEL NIETO MATAMOROS

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	29.973,57
Gastos xerais (13%)	3.896,56
Beneficio industrial (6%)	1.798,41
IVE (21%)	7.490,39
Orzamento de contrata	43.158,93

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 34.527,14 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de

redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/161A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57^a das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a

tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio

variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CEDEIRA

Diego Calvo Pouso

Luis Rubido Ramonde

20.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS INTERIORES NO LUGAR DE BERROXE”.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cee para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cee
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento rúas interiores no lugar de Berroxe
PRESUPOSTO DO PROXECTO	43.517,17 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	43.517,17 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/454A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454A/76201 do orzamento para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS INTERIORES DO LUGAR DE BERROXE”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, a alcaldesa-presidenta do Concello de Cee, Zaira Rodríguez Pérez

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cee ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee con CIF P1502300E, para o financiamento das obras de **“ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS INTERIORES DO LUGAR DE BERROXE”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto ANTONIO MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	30.222,35
Gastos xerais (13%)	3.928,91
Beneficio industrial (6%)	1.813,34
IVE (21%)	7.552,57
Orzamento de contrata	43.517,17

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 43.517,17 €, o que representa unha porcentaxe de 100%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VIN.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a

tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio

variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE CEE

Diego Calvo Pouso

Zaira Rodríguez Pérez

21.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN DE OFICINAS NA ENTREPLANTA 2ª CASA DA CULTURA DE CEE”.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cee para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cee
DENOMINACIÓN DA OBRA	Adecuación de oficinas na entreplanta 2ª- Casa da Cultura de Cee
PRESUPOSTO DO PROXECTO	27.284,25 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	27.284,25 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454A/76201 do orzamento para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN DE OFICINAS NA ENTREPLANTA 2ª-CASA DA CULTURA DE CEE”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, a alcaldesa-presidenta do Concello de Cee, Zaira Rodríguez Pérez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cee ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee con CIF P1502300E, para o financiamento das obras de “ADECUACIÓN DE OFICINAS NA ENTREPLANTA 2ª- CASA DA CULTURA DE CEE”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto JOSÉ CARLOS LEIS CARUNCHO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	18.948,72
Gastos xerais (13%)	2.463,33
Beneficio industrial (6%)	1.136,92
IVE (21%)	4.735,28
Orzamento de contrata	27.284,25

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 27.284,25 €, o que representa unha porcentaxe de 100%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes,

a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE CEE

Diego Calvo Pouso

Zaira Rodríguez Pérez

22.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DA RÚA ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA”.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cee para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cee
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento do trazado da rúa Estatuto de Autonomía de Galicia
PRESUPOSTO DO PROXECTO	10.733,03 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	10.733,03 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/155A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/155A/76201 do orzamento para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DA RÚA ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, a alcaldesa-presidenta do Concello de Cee, Zaira Rodríguez Pérez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cee ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee con CIF P1502300E, para o financiamento das obras de “ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DÁ RÚA ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto ANTONIO MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	7.454,01
Gastos xerais (13%)	969,02
Beneficio industrial (6%)	447,24
IVE (21%)	1.862,76
Orzamento de contrata	10.733,03

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 10.733,03 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/155A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes,

a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE CEE

Diego Calvo Pouso

Zaira Rodríguez Pérez

23.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DO “PARQUE INFANTIL DO PASEO MARÍTIMO DE CEE”.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cee para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cee
DENOMINACIÓN DA OBRA	Parque infantil paseo marítimo de Cee
PRESUPOSTO DO PROXECTO	49.898,55 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	49.898,55 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/171A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/169A/76201 do orzamento para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “PARQUE INFANTIL PASEO MARÍTIMO DE CEE”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, a alcaldesa-presidenta do Concello de Cee, Zaira Rodríguez Pérez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cee ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee con CIF P1502300E, para o financiamento das obras de “**PARQUE INFANTIL PASEO MARÍTIMO DE CEE**”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto MANUEL CARRO LÓPEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	34.654,18
Gastos xerais (13%)	4.505,04
Beneficio industrial (6%)	2.079,25
IVE (21%)	8.660,08
Orzamento de contrata	49.898,55

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÁN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 49.898,55€, o que representa unha porcentaxe de 100 %. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/171A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente

- Acreditación do cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación do cumprimento das obrigaóns de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento

das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE CEE

Diego Calvo Pouso

Zaira Rodríguez Pérez

24.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE COIRÓS”.

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Coirós para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Coirós
DENOMINACIÓN DA OBRA	Melloras piscina municipal de Coirós
PRESUPOSTO DO PROXECTO	24.997,81 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	24.997,81 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2014. A aprobación deste Convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIROS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “MELLORAS PISCINA MUNICIPAL DE COIRÓS”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Coirós, Francisco Quintela Requeijo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Coirós, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós con CIF-P1502700F, para o financiamento da obra de “MELLORAS **PISCINA MUNICIPAL DE COIRÓS**” tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de montes JUAN CARLOS LLAMAZARES DÍAZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	17.360,80
Gastos xerais (13%)	2.256,90
Beneficio industrial (6%)	1.041,65
IVE (21%)	4.338,46
Orzamento de contrata	24.997,81

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 24.997,81 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57^a das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación

excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio

variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE COIRÓS

Diego Calvo Pouso

Francisco Quintela Requeijo

25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE MOAR A GALEGOS”.

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Frades para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Frades
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento de camiño de Moar a Galegos
PRESUPOSTO DO PROXECTO	57.359,05 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	45.887,24 €
ACHEGA DO CONCELLO	11.471,81 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/454A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO DE MOAR A GALEGOS”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Frades, Roberto Rey Martínez
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Frades, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades con CIF-P1503900A, para o financiamento da obra de **“ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO DE MOAR A GALEGOS”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños GILBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	39.835,43
Gastos xerais (13%)	5.178,61
Beneficio industrial (6%)	2.390,13
IVE (21%)	9.954,88
Orzamento de contrata	57.359,05

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 45.887,24 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a

tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá**

ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FRADES

Diego Calvo Pouso

Roberto Rey Martínez

26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CÉLTIGOS, VITRE E PAPUCÍN”.

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Frades para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Frades
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento de camiños en Céltigos, Vitre e Papucín
PRESUPOSTO DO PROXECTO	57.359,05 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	45.887,24 €
ACHEGA DO CONCELLO	11.471,81 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/454A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CÉLTIGOS, VITRE E PAPUCÍN”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Frades, Roberto Rey Martínez
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Frades, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades con CIF-P1503900A, para o financiamento da obra de **“ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CÉLTIGOS, VITRE E PAPUCÍN”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños GILBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	39.835,43
Gastos xerais (13%)	5.178,61
Beneficio industrial (6%)	2.390,13
IVE (21%)	9.954,88
Orzamento de contrata	57.359,05

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 45.887,24 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes,

a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FRADES

Diego Calvo Pouso

Roberto Rey Martínez

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA A EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS DÚAS SEGUINTE OBRAS: “AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA DP 5404 DO PK 3,500 AO 6,500, DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA” E “ADAPTACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA NA DP 5404 DO PK 3,500 AO 6,500, DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA PARA A INCLUSIÓN DA REDE DE SANEAMENTO. CONCELLO DE NARÓN”.

Visto o protocolo de intencións asinado entre a Deputación e o Concello de Narón o 13 de outubro de 2014 para a execución e financiamento das dúas seguintes obras “Ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á praia da Frouxeira” e “Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”

Tendo en conta que o convenio ten por obxecto coordinar a execución das obras na estrada provincial DP 5404 de Xubia á praia da Frouxeira PK 3,500 ao PK 6,500, de forma que sexa a Deputación a que realice as expropiacións necesarias, e contrate e dirixa conxuntamente as obras

Vistos os proxectos técnicos de ambas as dúas obras e demais documentación que consta no expediente

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención para a execución da obra “Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón para a execución e financiamento das dúas seguintes obras: “Ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á praia da Frouxeira” e “Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”, cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PARTIDA	PRESUPOSTO
14.1110.0006.0	<i>“Ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á praia da Frouxeira”,</i>	0410/453A/60900.	680.971,97
14.7490.0001.0	<i>“Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”</i>	0430/161A/650	568.996,04

Este proxecto estivo exposto ao público por prazo de dez días mediante anuncio publicado no BOP nº 177 do 17 de setembro de 2014, sen que se presentaran reclamacións durante o devandito prazo de exposición pública.

2.- Na contorna do tramo da estrada provincial DP-5404 de Xubia á praia da Frouxeira PK 3,500 ao PK 6,500, actualmente existen 80 vivendas que carecen de saneamento.

Por iso, o Concello de Narón redactou o proxecto denominado *“Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”*, cun orzamento de contrata de 568.996,04 €, no que se contempla a execución dos colectores de saneamento baixo a cuneta da estrada provincial situando os rexistros na beiravía.

3.- A Deputación e o Concello de Narón consideran necesario coordinar as súas actuacións para executar as obras incluídas nos devanditos proxectos, pois deste xeito poderíanse executar simultaneamente os traballos de ampliación da plataforma e os de mellora da rede de saneamento, optimizando custos, simplificando a execución e reducindo os tempos de execución.

Por todo o exposto acordan formalizar o presente CONVENIO conforme as seguintes

Cláusulas

Primeira: Obxecto

O presente CONVENIO ten por obxecto coordinar as actuacións entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Narón con CIF P1505500G, para a execución e financiamento das seguintes obras:

1) *“Ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á praia da Frouxeira”* e

2) *“Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”*, redactado polo Concello de Narón, que foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos provinciais. Os gastos de redacción dos proxectos serán a conta das respectivas administracións

Segunda. Expropiacións

A Deputación Provincial da Coruña tramitará o correspondente expediente expropiatorio para a ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras e aboará os correspondentes xustiprezos e indemnizacións derivadas do devandito expediente.

Terceira. Contratación das obras

A Deputación, unha vez dispoña dos terreos necesarios, contratará, mediante procedemento aberto e conforme os seus pregos-tipo, a execución das obras

incluídas en ambos os dous proxectos, de forma conxunta e nun único lote , co fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a execución e reducir tempos de execución.

Cuarta.- Orzamento das obras

Os orzamentos de execución de ambas as dúas obras son os seguintes:

1) *Ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á praia da Frouxeira*

2) *“Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”*

	1)	2)	TOTAL
Orzamento execución material	472.930,04	395.163,58	868.093,62
Gastos xerais (13%)	61.480,91	51.371,27	112.852,18
Beneficio industrial (6%)	28.375,80	23.709,81	52.085,61
IVE (21%)	118.185,22	98.751,38	216.936,6
Orzamento de contrata	680.971,97	568.996,04	1.249.968,01

Quinta. Financiamento das obras:

As obras financiaranse do seguinte modo:

- *“Ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á praia da Frouxeira”:*

A Deputación Provincial da Coruña financiará o 100% do seu orzamento de execución por contrata, é dicir, 680.971,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0410/453A/60900.

O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra corresponderá á Deputación.

- *“Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón” .*

A Deputación financiará o 100 % do seu orzamento de execución por contrata, é dicir, 568.996,04 €, euros, con cargo á aplicación orzamentaria 0430/161A/650. O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra corresponderá á Deputación.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado pola Deputación.

A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 6/2014 no que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada

á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

O Concello de Narón autoriza á Deputación a consultar os datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Sexta. Dirección das obras. Coordinación Seguridade e saúde

A Dirección das obras realizaraas persoal dos servizos técnicos da Deputación e esta asumirá, no seu caso, os gastos que diso se deriven.

A Deputación levará a cabo así mesmo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde e asumirá, no seu caso, os gastos que diso se deriven.

Sétima. Acta de Recepción

Notificarase ao Concello de Narón, coa debida antelación, a data de formalización da acta de recepción das obras, para que asista, se o considera conveniente, un técnico designado polo alcalde de Narón.

Oitava.- Acta de entrega

A Deputación, unha vez formalizada a acta de recepción da obra de *“Adaptación do proxecto de ampliación e mellora na DP 5404 do PK 3,500 ao 6,500, de Xubia á Praia da Frouxeira para a inclusión da rede de saneamento. Concello de Narón”*, entregará ao Concello de Narón as citadas obras para a súa adscrición aos servizos de titularidade municipal, para cuxos efectos se formalizará a correspondente acta de entrega. A partir da dita entrega o concello farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

Novena.-Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vocais, a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos presidentes, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

Décima.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 1 de novembro de 2016. No entanto, o devandito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente. Así o din e asinan, en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento

O presidente da Deputación Provincial
da Coruña

O alcalde-presidente Concello
de Narón

Don Diego Calvo Pouso

José Manuel Blanco Suárez

28.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DO “SALÓN DE PLENOS E DEPENDENCIA MUNICIPAIS”.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ordes para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ordes
DENOMINACIÓN DA OBRA	Salón de plenos e dependencias municipais
PRESUPOSTO DO PROXECTO	155.902,99 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	124.722,39 €
ACHEGA DO CONCELLO	31.180,60 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/169A/76201 do orzamento para o exercicio 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “SALÓN DE PLENOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ordes, Manuel Regos Boquete

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ordes ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes con CIF P1506000G, para o financiamento das obras de **“SALÓN DE PLENOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto ÓSCAR PIDRE MOSQUERA

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	108.273,49
Gastos xerais (13%)	14.075,55
Beneficio industrial (6%)	6.496,41
IVE (21%)	27.057,54
Orzamento de contrata	155.902,99

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 124.722,39 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a

tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio

variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ORDES

Diego Calvo Pouso

Manuel Regos Boquete

29.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS EN PARADA”.

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oza-Cesuras para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Oza-Cesuras
DENOMINACIÓN DA OBRA	Formación de beirarrúas en Parada
PRESUPOSTO DO PROXECTO	62.562,47 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	50.049,98 €
ACHEGA DO CONCELLO	12.512,49 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS EN PARADA”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o presidente da Comisión xestora do Concello de Oza-Cesuras, Pablo González Cacheiro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oza-Cesuras ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras con CIF P1500029B, para o financiamento da obra de **“FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS EN PARADA”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico ANTONIO LÓPEZ PANETE

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	43.449,18
Gastos xerais (13%)	5.648,39
Beneficio industrial (6%)	2.606,95
IVE (21%)	10.857,95
Orzamento de contrata	62.562,47

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÁN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 50.049,98 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57^a das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación

excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio

variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA
DE OZA-CESURAS

Diego Calvo Pouso

Pablo González Cacheiro

30.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DE VÍAS RURAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CALO (ACCESO AO PENEDOS), BERDOIAS (CAMIÑO AS CUSTODIAS), E SALTO (CAMIÑO DE CASTRO A AREOSA).”

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vimianzo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Vimianzo
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora de vías rurais municipais nas Parroquias de Calo (acceso aos Penedos), Berdoias (camiño As Custodias), e Salto (camiño de Castro a Areosa)
PRESUPOSTO DO PROXECTO	40.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	40.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,000000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/454A/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DE VÍAS RURAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CALO (ACCESO AOS PENEDOS), BERDOIAS (CAMIÑO AS CUSTODIAS) E SALTO (CAMIÑO DE CASTRO A AREOSA)”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, Manuel Antelo Pazos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Vimianzo ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vimianzo con CIF P1509300H, para o financiamento da obra de **“MELLORA DE VÍAS RURAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CALO (ACCESO AOS PENEDOS), BERDOIAS (CAMIÑO AS CUSTODIAS) E SALTO (CAMIÑO DE CASTRO A AREOSA)”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto VICENTE RIVAS NEGREIRA

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	27.779,71
Gastos xerais (13%)	3.611,36
Beneficio industrial (6%)	1.666,78
IVE (21%)	6.942,15
Orzamento de contrata	40.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu o informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director da mesma, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes,

a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE VIMIANZO

Diego Calvo Pouso

Manuel Antelo Pazos

31.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “BEIRRARRÚAS ENLACE AVDA. ARSENIO IGLESIAS-AVDA. CAIÓN”, DO CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011, CO CÓDIGO 11.2100.0012.0.

Logo de ver o acordo do 25 de febreiro de 2011 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011 e o seu Plan complementario, a posterior aprobación, mediante acordo plenario do 29 de abril de 2011, da modificación do financiamento deste Plan, e que mediante o acordo plenario do 28 de outubro de 2011, se aproba a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2011 no sentido de eliminar a achega do Ministerio de Política Territorial e Administracións Públicas das obras non adxudicadas no prazo prorrogado do 1 de novembro de 2011.

Logo de aprobarse definitivamente esta obra mediante a Resolución da Presidencia desta Deputación provincial número 7988, do 10 de maio de 2012 despois de presentar o Concello de Arteixo a documentación xustificativa do cumprimento da condición á que foi sometida a súa aprobación

Logo de aprobar o Concello de Arteixo un proxecto modificado desta obra mediante acordo plenario municipal do 23 de febreiro de 2012, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

Logo de concedérselle ao Concello de Arteixo varias ampliacións do prazo de adxudicación e de execución desta obra mediante as correspondentes Resolucións de Presidencia desta Deputación, sendo as últimas delas as Resolucións número 2014/12237 e 2014/12238, do 1 de xullo de 2014

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 24 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 187, do 29 de setembro de 2010

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Beirrarrúas enlace Avda. Arsenio Iglesias-Avda. Caión” do Concello de Arteixo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, co código: 11.2100.0012.0 que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica unha alteración do trazado disposto no proxecto inicial.

			Datos co 18% de IVE		
Concello	Código	Denominación	Deputación f.p.	Concello	Total
Arteixo	11.2100.0012.	Beirrarrúas enlace Avda. Arsenio Iglesias-Avda. Caión	139.846,96	19.837,75	59.684,71

32.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 POLO CAMBIO DA OBRA “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO PARA APERTURA DE CENTRO DE DÍA”, DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NO POS 2014 CO CÓDIGO: 14.2100.0210.0, POLA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO ENTRE CABANÁN (LANDOI), MELEATO (LANDOI) E A REGA (FEÁS)”, CO CÓDIGO 14.2100.021.0.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario co seguinte detalle de financiamento:

		POS 2014		
		DETALLE DE FINANCIAMENTO		
SECCIÓN	PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
POS- gastos correntes	0430 / 459A/ 46201	6.971.419,93	0,00	6.971.419,93
POS - amortización de débeda	0430 / 459A/ 46201	233.165,49	0,00	233.165,49
POS- Inversións: obras e subministracións	0430/ 459A / 76201	16.992.017,48	1.069.595,42	18.061.612,90
	TOTAL	24.196.602,90	1.069.595,42	25.266.198,32

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 28 de marzo de 2014 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Cariño que se indica na seguinte táboa:

Concello Código da obra	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	Condición que se ha realizar
Cariño 14.2100.0210.0	“Acondicionamento para apertura de Centro de Día”	154.269,01	52.709,94	206.978,95	Informe de supervisión técnica favorable

Logo da entrada en vigor, o 31 de decembro de 2013, xa rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no POS 2014, da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE número 312, do 30 de decembro de 2013), e o 31 de maio de 2014, da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, que supoñen que os concellos xa non teñen competencias propias en materia de servizos sociais

Logo de presentar telematicamente o Concello de Cariño, debido á entrada en vigor desta nova normativa reguladora das competencias municipais, unha solicitude de cambio da obra incluída no POS 2014 denominada “Proxecto de acondicionamento para apertura de centro de día”, co código 14.2100.0120.0, cun presuposto de

206.978,95 €, pola obra " Ampliación da rede de saneamento entre Cabanán (Landoi), Meleato (Landoi) e A Rega (Feás)", cun presuposto de 195.590,18 € e que non varían para o financiamento desta nova obra os importes xa contabilizados anteriormente correspondentes a achega da Deputación

Logo de ver que aínda que non varían para o financiamento desta nova obra que se inclúe no POS 2014 en substitución da obra que se anula os importes xa contabilizados anteriormente correspondentes á achega da Deputación, ao ter a nova obra un presuposto inferior respecto da obra que se anula, resulta minorada a achega do concello ao financiamento desta obra e na mesma medida resultan minorados os datos globais de financiamento do POS 2014 relativos ao importe total da achega municipal e consecuentemente o importe do presuposto total deste.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º.- Aprobar, en virtude da solicitude do Concello de Cariño motivada pola circunstancia sobrevida da entrada en vigor dunha nova normativa reguladora das competencias municipais, o cambio da obra dese concello incluída no POS 2014 de xeito que se anula a obra denominada "Proxecto de acondicionamento para apertura de centro de día", incluída no POS 2014 co código 14.2100.0210.0, e se inclúe no POS 2014, no seu lugar, a obra "Ampliación da rede de saneamento entre Cabanán (Landoi), Meleato (Landoi) e A Rega (Feás)", co código 14.2100.0211.0, cos seguintes datos de financiamento:

DATOS DA OBRA QUE SE ANULA NO POS 2014				
<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>Concello</u>	<u>TOTAL</u>
14.2100.0210.0	Proxecto de acondicionamento para apertura de centro de día	154.269,01	52.709,94	206.978,95
DATOS DA NOVA OBRA QUE SE INCLÚE NO POS 2014				
<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>Concello</u>	<u>TOTAL</u>
14.2100.0211.0	Ampliación da rede de saneamento entre Cabanán (Landoi), Meleato (Landoi) e A Rega (Feás)	154.269,01	41.321,17	195.590,18

2º.- Aprobar a modificación dos datos globais de financiamento do POS 2014 xa que ao ter a nova obra que se inclúe no Plan un presuposto inferior respecto da obra que se anula, minórase a achega do concello e consecuentemente resulta minorada a achega total municipal e o presuposto total do plan, permanecendo invariable a achega total da Deputación a este Plan

	POS 2014
	DETALLE DE FINANCIAMENTO

SECCIÓN	PARTIDA	DEIPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
POS- gastos correntes	0430 / 459A/ 46201	6.971.419,93	0,00	6.971.419,93
POS - amortización de débeda	0430 / 459A/ 46201	233.165,49	0,00	233.165,49
POS- Invetimentos: obras e subministracións	0430/ 459A / 76201	16.992.017,48	1.058.206,65	18.050.224,13
	TOTAL	24.196.602,90	1.058.206,65	25.254.809,55

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días podan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado.

5º.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas corporacións locais.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

7º.- Unha vez transcorrido o dito prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións o alegacións, poderanse proseguir as actuacións.

33.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS LÚDICO DEPORTIVAS DO CONCELLO DE FERROL”.

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ferrol para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ferrol
DENOMINACIÓN DA OBRA	Obras de conservación de instalacións lúdico deportivas do Concello de Ferrol
PRESUPOSTO DO PROXECTO	320.640,79 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	256.512,63 €
ACHEGA DO CONCELLO	64.128,16 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS LÚDICO DEPORTIVAS DO CONCELLO DE FERROL”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ferrol, José Manuel Rey Varela
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol con CIF-P1503700E, para o financiamento da obra de **“CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS LÚDICO DEPORTIVAS DO CONCELLO DE FERROL”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto PEDRO FERNÁNDEZ CID

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, se compromete a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	222.682,68
Gastos xerais (13%)	28.948,75
Beneficio industrial (6%)	13.360,96
IVE (21%)	55.648,40
Orzamento de contrata	320.640,79

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 256.512,63 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do

orçamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a

unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben

queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio

quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FERROL

Diego Calvo Pouso

José Manuel Rey Varela

34.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO NAS PARROQUIAS DE MABEGONDO, MEANGOS E BEIRRARRÚAS EN VIÓS”, DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011, CO CÓDIGO 11.2100.0002.0.

Logo de ver o acordo do 25 de febreiro de 2011 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011 e o seu Plan complementario, a posterior aprobación, mediante acordo plenario do 29 de abril de 2011, da modificación do financiamento deste Plan, e que mediante o acordo plenario do 28 de outubro de 2011, se aproba a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2011 no sentido de eliminar a achega do Ministerio de Política Territorial e Administracións Públicas das obras non adxudicadas no prazo prorrogado do 1 de novembro de 2011.

Logo de aprobarse definitivamente esta obra mediante a Resolución da Presidencia desta Deputación provincial número 22695, do 2 de decembro de 2011, despois de presentar o Concello de Abegondo a documentación xustificativa do cumprimento das condicións ás que foi sometida a súa aprobación definitiva

Logo de aprobar o Concello de Abegondo un proxecto modificado desta obra mediante acordo plenario municipal do 21 de febreiro de 2014, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 24 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 187, do 29 de setembro de 2010

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Saneamento nas parroquias de Mabegondo, Meangos e beirrarrúas en Viós”, do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, co código: 11.2100.0002.0, que non cambia a finalidade ou o obxecto da obra, pero si supón unha diminución do seu orzamento e implica unha alteración do trazado disposto no proxecto inicial, segundo se indica a continuación.

			<i>Datos co 18% de IVE</i>			
<i>Concello</i>	<i>Código</i>	<i>Denominación</i>		<i>Inicial</i>	<i>Modificado</i>	<i>Diferenza</i>
<i>Abegondo</i>	<i>11.2100.0002.0</i>	Saneamento nas parroquias de Mabegondo, Meangos e beirrarrúas en Viós	<i>Deputac</i>	94.421,09	92.080,07	-2.341,02
			<i>Concello</i>	5.495,41	5.359,16	-136,25
			<i>Total</i>	99.916,50	97.439,23	-2.477,27

35.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO EN CULLERGONDO E XUANZO”, DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2011, CO CÓDIGO 11.3300.0254.0.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Corporación do 25 de novembro de 2011, en relación coa Resolución da Presidencia desta Deputación do 1 de decembro de 2011, polos que se aprobou a 3ª fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, na que se inclúe, entre outras, a seguinte obra do Concello de Abegondo:

			<i>Datos co 18% de IVE</i>		
<i>Concello</i>	<i>Código</i>	<i>Denominación</i>	<i>Deputación f.p.</i>	<i>Concello</i>	<i>Total</i>
<i>Abegondo</i>	<i>11.3300.0254.0</i>	<i>Saneamento en Cullergondo e Xuanzo</i>	<i>168.530,78</i>	<i>25.377,81</i>	<i>193.908,59</i>

Logo de aprobar o Concello de Abegondo un proxecto modificado desta obra mediante o acordo plenario municipal do 21 de febreiro de 2014, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

Logo de ver as Bases reguladoras do PCC 2008/2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008, modificadas mediante acordo plenario do 25 de xuño de 2010 e publicadas no BOP número 121, do 29 de xuño de 2010.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Saneamento en Cullergondo e Xuanzo”, do Concello de Abegondo, incluída na 3ª fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, co código: 11.3300.0254.0, que non cambia a finalidade ou o obxecto da obra pero si supón unha diminución do seu orzamento e implica unha alteración do trazado disposto no proxecto inicial, segundo se indica a continuación.

			<i>Datos co 18% de IVE</i>			
<i>Concello</i>	<i>Código</i>	<i>Denominación</i>		<i>Inicial</i>	<i>Modificado</i>	<i>Diferenza</i>
<i>Abegondo</i>	<i>11.3300.0254.0</i>	<i>Saneamento en Cullergondo e Xuanzo</i>	<i>Deputac</i>	<i>168.530,78</i>	<i>164.352,33</i>	<i>-4.178,45</i>
			<i>Concello</i>	<i>25.377,81</i>	<i>24.748,61</i>	<i>-629,20</i>
			<i>Total</i>	<i>193.908,59</i>	<i>189.100,94</i>	<i>-4.807,65</i>

36.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA EP 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) (MIÑO E PONTEDEUME).

1.- Aprobar provisional o proxecto REFORMADO DE TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AL 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) , PONTEDEUME e MIÑO (aprobado inicialmente mediante acordo plenario do 28-3-2014) polo seu presuposto de contrata do 1.203.312,71.- EUROS , que non representa incremento respecto ao primitivo.

2.- Aprobar, así mesmo, o incremento da valoración das expropiacións necesarias para a execución das obras incluídas no proxecto REFORMADO DE TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) , PONTEDEUME e MIÑO, na cantidade de 20.540,10 euros.

3.- Formalizar en documento administrativo, unha vez acreditada a dispoñibilidade dos terreos, co adxudicatario do contrato primitivo EXPLOTACIÓNS GALEGAS S.L. (B15410608) , as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 812.000,00.- EUROS, que non representa incremento respecto ao primitivo polo cal é innecesario o incremento da fianza constituída

37.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 30.09.2014 E PROXECCIÓN A 31.12.2014.

Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria o 30/09/2014 e proxección o 31/12/2014.

38.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

1º.Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

2º.Dispor que se proceda á publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento e para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público.

3º.Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.

39.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS.

Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal Nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a Vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (artigos 3,5 e 6).

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

"Artigo 5.- Cota tributaria.

1. Cando se trate de servizos que lles corresponda prestar a entidades con competencias en Servizos Sociais para menores e soliciten os ditos servizos desta Deputación para seren prestados nos seus centros, en ningunha das modalidades de contratación previstas na lexislación de contratos do sector público, fíxanse as tarifas seguintes:

- Fogares infantís e xuvenís:

a) Internos, cada un ao día130,65 €

b) Fogar de día:

b.1.- Integral98,00 €
b.2.- Básico39,25 €

2.- Estas tarifas enténdese sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."

"Artigo 6.- Liquidación, recadación e xestión

1.- A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo.

2.- A liquidación de tarifas levarase a cabo pola Sección de Recursos Propios, que a realizará mensualmente.

3.- No entanto, de conformidade co establecido no artigo 27.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, poderán establecerse convenios de colaboración, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas de aquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

4.- O presidente da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 de 2 de abril e o art. 17 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 11.

4º.- A ordenanza fiscal nº 11 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra estas, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e no caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local a partir do 1 de xaneiro de 2015.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e no seu caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.

40.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO IES CALVO SOTELO.

Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 15 reguladora do prezo público por utilización do I.E.S. Calvo Sotelo.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a Vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO I.E.S. CALVO SOTELO (artigo 6).

Artigo 6.- Normas de xestión

1. As solicitudes para a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo dirixiranse ao ilustrísimo señor presidente da Deputación. Serán tramitadas e informadas pola Área de Servizos Provinciais, Servizo de Patrimonio. As autorizacións para a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo serán outorgadas polo ilustrísimo señor presidente da Deputación.

2. Os solicitantes deberán estar ao corrente do pagamento das débedas contraídas con esta Deputación provincial.

3. A Área de Servizos Provinciais, Servizo de Patrimonio, trasladará ao IES Calvo Sotelo e ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, a resolución pola que se autoriza a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo, indicando expresamente nesta a actividade autorizada, a data, o nome ou razón social e o NIF da persoa física ou xurídica que solicita a cesión das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo, e se a entidade autorizada está obrigada ao pagamento.

4. Finalizada a actividade suxeita a este prezo público, a Área de Servizos Provinciais, Servizo de Patrimonio, comunicará nos catro días seguintes, ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, os datos necesarios para a práctica da oportuna liquidación.

5. O Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, realizará a correspondente liquidación e a notificación desta ao interesado.

6. A entidade autorizada responsabilizarase de calquera dano nas instalacións, equipos informáticos e maquinaria, estando obrigado ao

reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación.

7. O presidente da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta ordenanza.

2º.- Este acordo, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 15.

4º.- A ordenanza nº 15 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra estas, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e no caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local a partir do 1 de xaneiro de 2015.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e no seu caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.

41.-CRITERIOS SOBRE AS TARIFAS DAS ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN QUE SE HAN APLICAR DURANTE O EXERCICIO 2015.

Tomar coñecemento do informe sobre os criterios para establecer as tarifas das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos da Deputación

Manter durante o exercicio 2015 as mesmas tarifas que están vixentes no presente exercicio 2014, en todas as Ordenanzas Fiscais de Taxas e Prezos públicos da Deputación Provincial da Coruña.

42.-SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE REINTEGRO DOS SALDOS DAS LIQUIDACIÓNS DA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DOS ANOS 2008 E 2009 (DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA DO REAL DECRETO LEI 12/2014, DO 12 DE SETEMBRO).

PRIMEIRO: Solicitar a ampliación do período de reintegro dos saldos debedores a cargo da Deputación Provincial da Coruña como consecuencia das liquidacións definitivas da Participación en Tributos do Estado dos anos 2008 e 2009, nas condicións establecidas na Disposición Adicional Única do Real decreto-lei 12/2014, do 12 de setembro, polo que se conceden suplementos de crédito e créditos extraordinarios no presuposto dos Ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

SEGUNDO: A aplicación efectiva da ampliación solicitada iniciárase na entrega a conta da participación en tributos do Estado do mes de xaneiro de 2015, sendo a partir de desa data os reintegros mensuais aplicables os que resulten de dividir o importe pendente de reintegrar a esta data polas liquidacións correspondentes aos anos 2008 e 2009 dividido por 204 mensualidades, e manteranse sempre que se cumpran as condicións recollidas na norma de aplicación.

O importe anual que se ha devolver a partir do 1 de xaneiro de 2015 polas liquidacións expresadas ascenderá aos importes que seguidamente se expresan:

CONCEPTO	IMPORTE PARA REINTEGRAR
	ANO 2015 (204 mensualidades)
Liquidación 2008	405.164,10
Liquidación 2009	1.717.005,49
TOTAL ANUAL	2.122.169,59

TERCEIRO: Remitir o presente acordo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, xunto coa documentación preceptiva, nos termos que establece a Disposición adicional única do Real decreto-lei 12/2014, citado.

43.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2014.

Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 6/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe 3.458.760,65 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:1.199.819,86

SC. Suplemento créditos: 2.258.940,79

Total de aumentos: 3.458.760,65

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 3.458.760,65

Total financiamento: 3.458.760,65

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	60.000,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	699.801,82	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	1.249.968,01	0,00
7. Transferencias de capital	1.448.990,82	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.458.760,65	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	3.458.760,65
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.458.760,65

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos dispostos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos dispostos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos dispostos na normativa vixente.

MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RESPECTO Á OPERACIÓN ZETA

ACORDO

Primeiro.- Poñer en marcha unha auditoría desde a propia Intervención provincial para fiscalizar:

- a) as contas xustificativas de todas as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña ás asociacións que figuran no sumario da operación Zeta.
- b) os contratos adxudicados a aquelas empresas que figuran no sumario da operación Zeta.
- c) Dar conta ao Pleno da Deputación do contido desas auditorías.